

Concellería de Cultura, Educación e Universidade
Conselleiro de Educación
Román Rodríguez González

Teo, 20 de Xullo 2022

Estimado señor,

Diríxome a vostede en calidade de Concelleira de Educación do Concello de Teo en relación ao comedor escolar do CEIP Plurilingüe Os Tilos no que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten a xestión.

Tal e como lle comunicaron a esta Concellería a dirección do centro e a Xunta directiva da ANPA Cobas, existen dúas carencias con respecto a este servizo ás que cómpre dar solución no vindeiro curso:

- O número de prazas ofertadas é insuficiente, quedando 44 alumnos/as en lista de agarda para o vindeiro curso escolar 2022-2023 coas complicacións na conciliación que isto supón. Esta situación, que xa se deu no curso anterior (2021-2022) podería terse previsto se tivese habido vontade de solución dado que esta é a terceira vez que esta Concellaría comunica a problemática.
- O espazo físico do comedor precisa ser ampliado. Este requerimento pasa pola construción dunha nova edificación no recinto que cubra as necesidades reais de praza e conte con cociña propia.

SOLICITAMOS

A ampliación das prazas de comedor escolar do CEIP Plurilingüe Os Tilos para o vindeiro curso 2022-2023 e a construción dunha nova edificación para tales efectos que garanta o número de prazas. Solicitamos un espazo no que se poda atender á totalidade de prazas de comedor solicitadas.

Esta concellaría estará sempre a súa disposición para a coordinación pertinente.

Atentamente,

María López Álvarez
Concelleira Educación
Concello de Teo
marialopez@teo.gal